



**MEMORIA
DE
ACTIVIDADES
2010**

Sarela

ÍNDICE

1.- Introducción

2.- Equipo Humán de Sarela

3.- Programas e Servizos da Asociación

3.1.- Información, orientación e apoio ás familias afectadas por dano cerebral adquirido

3.2.- Atención e rehabilitación das persoas afectadas por dano cerebral adquirido

3.3.- Centro de Día de Atención Especializada

3.4.- Sensibilización e Concienciación Social

3.5.- Voluntariado

3.6.- Prevención Viaria

4.- Actividades formativas

5.- Accións divulgativas

6.- Proxectos

7.- Financiadores: Subvencións e colaboracións

1. Introducción

A presente memoria recolle os programas e proxectos levados a cabo na asociación durante o ano 2010. O obxectivo principal segue sendo o contribuir a que as persoas afectadas por dano cerebral adquirido e as súas familias teñan cubertas as súas necesidades.

Finalizamos o ano con 295 socios, 10 profesionais contratados e varios que seguen colaborando. Entre todos obtivemos logros que melloran a calidade de vida de moitas familias afectadas por dano cerebral adquirido.

Este ano destaca que iniciamos a construción do novo Centro de día e Ocupacional, coa axuda do Ministerio de Sanidade e Política Social. Esta é a primeira das tres fases que compón a execución do proxecto. Nesta fase realízanse a escavación e a cimentación. Está previsto que o proxecto de construción finalice no ano 2012. Disporase de 35 prazas de Centro de Día e de 20 prazas no Centro Ocupacional.

Seguimos á procura da continuidade de financiamento para a construción do novo centro. Para o vindeiro ano obtivemos novamente o apoio económico do Ministerio de Sanidade e Política Social e da Deputación Provincial de A Coruña.

Respecto ao Sistema de Xestión de Calidade seguimos coa certificación do centro de día. Pasáronse satisfactoriamente tódalas auditorías, internas e externas.

Queremos mostrar o noso agradecemento a todas as persoas que colaboraron de forma desinteresada coa entidade, voluntarios, familiares e profesionais.

2. Equipo Humán de Sarela

| EQUIPO HUMÁN DE SARELA |
|---|
| MEMBROS DA XUNTA DIRECTIVA |
| JOSÉ BALBOA AYÁN Presidente |
| M^a ASUNCIÓN IGLESIAS PRIETO Vicepresidenta |
| ERNESTO SAAVEDRA ROBLEDO Tesoreiro |
| LUCIANO FERNÁNDEZ PINTOR Secretario |
| PURA GONZÁLEZ BOUZÓ Vogal |
| MARINA ORDÓÑEZ LUSTRES Vogal |
| CAMILO RÍOS GESTAL Vogal |
| PERSOAS CONTRATADAS |
| ROCÍO GARCÍA CALVO Directora – Psicóloga/Neuropsicóloga |
| RUTH GONZÁLEZ VIÑA Logopeda |
| ÓSCAR ROLANDO YEPES ROJAS Fisioterapeuta |
| ANA RUIZ SANCHO Terapeuta Ocupacional |
| NOELIA PARENTE VIEITES Educatora Social |
| M^a EUGENIA VELOSO OSUNA Traballadora Social |
| RAFAEL ANTONIO BERMÚDEZ GONZÁLEZ Xestor económico |
| JOSÉ MANUEL JIMÉNEZ OLVERA, IBANA VARELA MARTINEZ Auxiliares/as de Clínica – Conductores/as |
| SUSANA MERCEDES DUARTE MIRÁS Administrativa |
| PERSONAS COLABORADORAS |
| MIGUEL ANXO GARCÍA ÁLVAREZ Psicólogo Clínico |
| RAMÓN AREA Psiquiatra |
| MARÍA PARADA IGLESIAS Psicóloga |
| CARMEN GARCÍA ÁLVAREZ Monitora |
| PEDRO TREPAT SILVA, CARLOS MARTÍNEZ Avogados |
| LÚA, VERO, MAQUEN, LETICIA, SELENE, MARÍA, FANI, FERNANDO, RITA, CARLOS Voluntarias/os |

3. Programas da Asociación

Durante o ano 2010 continuáronse os programas iniciados en anos anteriores:

3.1.- Información, orientación e apoio ás familias afectadas por dano cerebral adquirido

Esta intervención lévase a cabo en dous campos fundamentais, por unha banda a intervención directa coa persoa afectada e a súa familia e por outro a intervención comunitaria.

Intervención directa:

Inicialmente recóllense todas as demandas que chegan á asociación, por teléfono ou tras acudir ao centro.

Obxectivos:

- Atender individualmente as necesidades psicosociais das persoas afectadas e as súas familias.
- Informar dos recursos sociais e das prestacións económicas existentes.
- Fomentar os medios necesarios ao noso alcance para favorecer unha axeitada integración social.
- Ofrecer unha cobertura asistencial personalizada acorde coas necesidades individuais da persoa.

Actividades:

- ❖ Informouse e coordinou o ingreso en centros especiais a aquelas persoas afectadas que polas súas características non podían permanecer no domicilio.
- ❖ Seguimento dos casos de longa duración mediante programas de intervención individualizada.
- ❖ Contacto e coordinación con institucións que traballan no campo do social para coñecer as distintas prestacións que conceden para informar ás familias dos trámites a seguir.
- ❖ Orientación, información e concienciación do dano cerebral ás familias afectadas e á sociedade en xeral.
- ❖ Atención ás demandas persoais das familias tanto telefonicamente como mediante entrevistas directas.
- ❖ Visitas a domicilio sempre que se considere necesario.

Intervención comunitaria:

Neste nivel de intervención incluímos todas aquelas actividades destinadas a dar unha maior difusión da problemática do noso colectivo e necesidades do mesmo.

Obxectivos:

- Aproveitar os recursos existentes na asociación e buscar a máxima optimización.
- Fomentar e facilitar información sobre o dano cerebral a todo aquel que a demanda.
- Promover iniciativas de prevención dentro do ámbito asociativo.
- Campañas de información sobre a problemática do dano cerebral para a prevención e concienciación social.
- Promover e fomentar a creación e ampliación de recursos sociais públicos específicos.

Actividades:

- ❖ Contacto profesional axeitado cos traballadores sociais dos centros sanitarios co fin de coñecer todas as actuacións relacionadas con este colectivo.
- ❖ Charlas Informativas á poboación en xeral.
- ❖ Coordinación e intercambio documental: folletos, pósteres, revistas, trípticos...
- ❖ Charlas sobre prevención e información do dano cerebral adquirido en autoescolas.

3.2.- Atención e Rehabilitación a persoas afectadas por dano cerebral adquirido

Tras a lesión e cando a persoa recibe a alta hospitalaria, existe un periodo importante para a rehabilitación de todas as capacidades afectadas. Dende Sarela intentamos dar resposta ás demandas das persoas afectadas e os seus familiares que en moitos casos non saben onde acudir para recibir un tratamento rehabilitador integral, que ademáis debe realizarse por un equipo interdisciplinar.

Obxectivo xeral:

➤ Ofrecer ás persoas afectadas por dano cerebral adquirido unha rehabilitación integral para que poidan desenvolver unha vida o máis normalizada, autónoma e satisfactoria posible.

Obxectivo por áreas de intervención:

- Psicología - Neuropsicología- Rehabilitación cognitiva e atención psicoterapéutica.
- Psiquiatría - Tratamento de alteracións emocionais e conductuais.
- Fisioterapia - Capacitación física para o desenvolvemento das actividades funcionais na vida diaria.
- Logopedia - Rehabilitación e reeducación do fala, voz e linguaxe.
- Terapia Ocupacional - Realización de tratamentos específicos para lograr unha maior autonomía non desempeño das A.V.D (actividades da vida diaria) básicas e instrumentais.

Actividades:

Valoración por parte de cada profesional do estado actual da persoa.

- ❖ Programación de tratamentos individualizados por parte de cada profesional e posta en común de obxectivos de intervención.
- ❖ Seguimentos cada tres meses.
- ❖ Reunións de equipo.
- ❖ Asesoramento continuo ás familias.

3.3.- Centro de Día de Atención Especializada

Iniciado en abril de 2004, tras observar que cando algúns pacientes eran dados de alta tras a fase rehabilitadora en moitos casos non atopan lugar algún onde seguir mantendo as capacidades adquiridas nin un sitio onde poder expresarse e estar con outras persoas que se enfrentan a circunstancias semellantes. Ademáis da sobrecarga que supón para moitos/as cuidadores/as e que non dispoñen do tempo para adicarse a outras cousas.

Tras a autorización en outubro para a construción do Centro de Día de Atención Especializada, lógrase a autorización de Inicio de Actividades en marzo de 2007.

A capacidade do centro é de 12 prazas, contratadas na súa totalidade coa Xunta de Galicia.

O Centro de Día continúa prestando servizo de luns a venres de 9:30 a 17:00 horas.

Ademáis o centro conta co servizo de comedor, contratado a través dunha empresa de catering e leva a cabo cando menos 2 xornadas de Respirio Familiar.

As actividades que este ano se levaron a cabo no Centro de Día foron as seguintes:

Actividades realizadas na sede da entidade

1. Manualidades

O obxectivo é desenvolver as aptitudes artísticas, persoais e creativas dos participantes, traballando a motricidade fina, coñecendo os diferentes materiais empregados e desenvolvendo actitudes de coidado cara os mesmos.

2. Informática

Moitos dos usuarios contan co seu ordenador portátil ademais dos equipos que ten o propio centro. Con esta actividade preténdese favorecer a inclusión e a participación dos usuarios/as nas novas tecnoloxías.

3. Responsabilidades relacionadas co centro

Para calqueira persoa adquirir responsabilidades mellora a autoestima e reforza as propias capacidades. As persoas que sufriron un dano cerebral en moitas ocasións deixan de tomar decisións por eles mesmos e dependen doutros no día a día, adquirir responsabilidades no centro non só vai facer que se sintan membros dun proxecto no que tamén participan senón que á súa vez proporcionálles seguridade neles mesmos e no que fan.

4. Habilidades Comunicativas

Ao presentar problemas de comunicación derivadas de diferentes lesións. Nesta actividade trátase de conseguir e manter unha comunicación o máis rica e útil posible para a vida diaria seguindo unhas pautas específicas de actuación para iso.

5. Logopedia

Poden verse comprometidos tanto os procesos de expresión como os de comprensión nas súas diferentes modalidades (voz, fala e linguaxe). A maioría dos casos presentan unha combinación de diversas alteracións que conlevan un traballo de mellora desas funcións asociadas á comprensión e expresión da linguaxe oral e escrita, así como, o establecer un sistema alternativo de comunicación naqueles que sexa beneficioso.

6. Terapia Ocupacional

A finalidade é o conseguir, mediante o adestramento funcional, o maior nivel de autonomía e independencia posible na realización das actividades da vida diaria para mellorar a calidade de vida da persoa e da súa familia.

7. Fisioterapia

Baseado en dous aspectos: a inhibición, controlar aqueles patróns reflexos anormais e facilitar, permitir e axudar ao paciente a utilizar patróns de movementos correctos. Este programa de intervención individual ou grupal, permitirá o mantemento dos aspectos sensitivo e motor, xa traballados en etapas de rehabilitación, tendo en conta algúns aspectos físicos que se poderían mellorar. Tamén por outro lado darlle un enfoque preventivo que evite a aparición de outros trastornos asociados.

Actividades realizadas no entorno comunitario

1. Participación Social- Aglylity- Refuxio de Animais

Esta actividade conleva a posibilidade de que os usuarios realicen tarefas de voluntariado nunha entidade de carácter comunitario (Refuxio de Animais), cos beneficios que isto supón para aumentar a súa autoestima e responsabilizarse e valorar o traballo realizado. A isto xúntase a experiencia positiva que proporciona o contacto directo con animais mediante a obediencia e o aglylity. O aglylity é un deporte que se realiza acompañado dun can. Os cans poseen a capacidade de adaptarse aos distintos ritmos das persoas de xeito incondicional. Co Aglylity realízase exercicio físico e poténcianse as capacidades cognitivas (orientación, atención, memoria, planificación).

2. Compra

O obxectivo é que os usuarios adquiran maior autonomía nas actividades instrumentais da vida diaria. Por iso realízanse tarefas como xestión do diñeiro, procura e elección de produtos, comparación de prezos, entre outras.

Doutra banda nesta actividade preténdese aumentar a presenza das persoas con dano cerebral adquirido na comunidade, co fin de sensibilizar e concienciar á poboación desta problemática.

3. Actividades lúdicas

Os momentos de diversión e o tempo de lecer é fundamental na vida de todas as persoas. Aprender a divertirse e a xestionar o tempo de lecer é fundamental para aumentar a calidade de vida. Saber gozar do tempo en grupo mellora as relacións interpersoais e crea lazos de unión que se poden xeneralizar a outros ámbitos da vida.

4. Fisioterapia

Todo tratamento para a fisioterapia neurolóxica debe basearse en dous alicientes: a inhibición, controlar aqueles patróns reflexos anormais e facilitar, permitir e axudar ao paciente a utilizar patróns de movementos correctos. Este programa de intervención grupal, permitirá o mantemento dos aspectos sensitivo e motor, xa traballados en etapas de rehabilitación, tendo en conta algúns aspectos físicos que se poderían mellorar e doutra banda darlle un enfoque preventivo que evite a aparición de síntomas comúns como o ombreiro doloroso, ou aumento do ton muscular que provoca perda da mobilidade articular, entre outros.

5. Piscina

Actividade deportiva e lúdica realizada na piscina municipal do concello. Os obxectivos son: mellorar os procesos de atención, execución, ordes sinxelas e imitación; así como aumentar a coordinación dinámica xeral e o aumento da resistencia e aumentar a coordinación dinámica xeral e o aumento da resistencia física xeral. Entrenamento de actividades básicas (vestido/desvestido, aseo,...)

6. Habilidades Sociais

Adestramento dun conxunto variado de conductas que teñen como obxectivo final unha maior integración das persoas na comunidade, para iso, increméntase a competencia social e a adaptación ao medio.

7. Autonomía no fogar

Unha maior autonomía no domicilio supón tamén unha maior colaboración da persoa en tarefas do fogar. Fomentar actividades que melloren as capacidades en tarefas relacionadas coa cociña implica que a persoa adquira unha maior confianza nas súas posibilidades, creando á súa vez un sentimento de utilidade, explorando as súas propias capacidades e posibilidades. Nesta actividade os usuarios colaboran nas tarefas do fogar nun servizo externo ao centro.

8. Golf

Actividade realizada no Aero Club de Golf de Santiago de Compostela. Preténdese que os usuarios/as aprendan as regras básicas do golf e desfruten dun deporte adaptado, á vez que se exercita a coordinación visuomanual.

9. Lavandería e Viveiro

Seguir unhas normas, uns horarios, traballar en equipo son aspectos do traballo que favorecen o establecemento dunhas rutinas, entre outros.

Na primeira actividade realízanse tarefas tales como: dobrar roupa, pasar o ferro, clasificar a roupa, onde se traballan as capacidades cognitivas dos usuarios.

Na actividade de viveiro, ademáis da información que se recibe en relación ás prantas, os usuarios teñen a oportunidade de observar e participar activamente nas fases de plantación, crecemento das prantas e recollida do froito.

10. Ximnasio

Ter un control periódico do estado de saúde, levar unha alimentación o máis sá posible e, por suposto, o facer regularmente actividade física é de suma importancia. Facer exercicio periodicamente, ten beneficios física e psíquicamente: previr a obesidade e a osteoporose e enfermidades cardiovasculares, favorecer o desenvolvemento e o ton muscular, mellorar o rendemento físico, axudar ao tránsito intestinal; tamén ten efectos antidepressivos e tranquilizantes, mellora a coordinación, axuda a eliminar o stress, regula trastornos do sono, favorece a autoestima, mellora a imaxe corporal .

A continuación móstranse unhas imaxes das actividades do centro de día:



Actividade do Viveiro.



Compra



Exhibición de Agility.

11. Respiro familiar

Este ano organizáronse dous respiros familiares. Un deles realizado a través da Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE) e outro organizado por Sarela.

O primeiro realizouse o 24 e 25 de abril na Granxa Escola Fervenza da Toxa en Silleda a que acudiron persoas de todas as asociacións que forman parte de FEGADACE. O segundo nunha casa rural da Estrada os días 2 e 3 de outubro.

Móstranse algunhas fotos das xornadas:



Dende marzo de 2010, iniciáronse actividades de estimulación cognitiva coas persoas que están inscritas na lista de espera do Centro de Día. Esta iniciativa xorde da necesidade de ofrecer alternativas a estas persoas, posto que a incorporación ao Centro de Día realizárase unha vez construído o novo centro.

Esta actividade é impartida por unha voluntaria, Licenciada en Psicoloxía e Master en Neuropsicoloxía Clínica e que está colaborando coa entidade dende fai 7 anos. A actividade lévase a cabo os luns e mércores no Local Social das Cancelas de 16:00 a 18:00 horas. Actualmente asisten a esta actividade un total de 9 persoas.

Ademáis da atención individualizada ás familias, a principios deste ano púxose en marcha a creación dun grupo de familiares de persoas con Dano Cerebral Adquirido. O grupo comezou con 10 persoas, que logo por motivos de incompatibilidades, reduciuse a 7 persoas.

O obxectivo deste grupo é o de crear un espazo onde as familias poidan expresarse e compartir experiencias. Ademáis os familiares reciben información sobre temas que lles preocupan ou aspectos nos que poden formarse para conseguir a máxima integración posible do seu familiar e un bo clima no ambiente familiar.

As sesións realízanse os últimos venres de mes e a súa duración é aproximadamente de 1 hora e media. Este ano tratáronse os seguintes temas: Recursos sociais (Traballadora Social Adace-Lugo), Abordaxe de situacións conflitivas (Psicóloga Renacer Ourense), Atención psicolóxica (Psicólogo Clínico Hospital Clínico Santiago), Sexualidade (Educadora Social), Autonomía Persoal (Psicólogo Asociación Bata Pontevedra), Nutrición (Nutricionista Cattering Airas Nunes). Ademáis ofertouse a actividade de balneario, á que acudiron varios familiares.

3.4.- Sensibilización e Concienciación Social

Programa destinado a ofrecer información a todos os axentes sociais, dende entidades públicas ata entidades privadas, profesionais e escolas entre outros.

Sarela celebra todos os anos dous mercadillos. Este ano por incompatibilidade de datas celebrouse en setembro, os días 23 e 24 no Paseo Central da Alameda.

Igual que en anos anteriores, este ano fixemos diferentes actos para o **Día Nacional do Daño Cerebral Adquirido, o día 26 de Outubro:**

❖ Camiñata dende o Monte do Gozo ata o Obradoiro.

A que acudiron socios, familiares e profesionais e se reencontraron posteriormente co resto do grupo para participar na misa do peregrino e na lectura do manifesto, a que asistiron Modesto Rouco, Subdirector Xeral de Discapacidade e Mar Martín, Concelleira de Benestar Social do Concello de Santiago de Compostela.



Lectura do manifesto.

❖ **Comida** das entidades que forman parte de **FEGADACE**

Celebrouse unha comida nun restaurante da cidade co obxectivo de coñecer e compartir con outras persoas con dano cerebral adquirido e as súas familias a celebración do Día Nacional do Dano Cerebral.

Tamén ese mesmo día pola mañá un grupo de usuarios do Centro de Día acudiron ao Hospital Clínico Universitario de Santiago e ao Hospital Provincial de Conxo cunha mesa informativa para que aquelas persoas que quixesen achegarse e informarse. E realizouse unha xuntanza informativa cos Traballadores Sociais do Hospital Clínico, co obxectivo de incrementar a colaboración coa entidade e expor as novidades da mesma.

3.5.- Voluntariado

Ten como obxectivo a integración da figura do Voluntariado nas actividades da entidade. Realízanse campañas de sensibilización e concienciación co obxectivo de captar voluntarios. Neste ano colaboraron connosco un total de sete voluntarios, nas actividades do centro de día.

A Traballadora Social xunto con dúas persoas voluntarias, asistiron ás IV Xornadas de Voluntariado de Dano Cerebral Adquirido, celebrado en Zaragoza e organizado pola Federación estatal (FEDACE). Ademais de recibir formación voluntarios e coordinadores Sarela presentou a actividade que fan os nosos usuarios no Refuxio de Animais, como parte dun Voluntariado tamén.



Celebración das Xornadas

3.6 Prevención Viaria

Ten como obxectivo sensibilizar en materia de prevención viaria á poboación de maior risco. Neste caso as charlas están destinadas a usuarios de autoescolas e centros de ensino. Sarela colabora xa dende fai anos, co Concello de Catoira na Coordinación co Programa de Prevención de Drogodependencias na Comarca de Ulla-Sar.

4. Actividades Formativas

Este ano as Actividades Formativas con alumnos en prácticas foi de 1 alumna de Logopedia da Universidade de A Coruña das seguintes institucións, ademais dalgún outro que o solicitou por iniciativa propia.

Todos os profesionais do Centro acudiron ao longo de todo o ano a cursos, seminarios, xornadas de interese para a súa especialización e para a xestión de calidade do Centro e da Asociación. Estes foron:

- Intelixencia: correlatos cerebrais e falla de conciencia
- Auditor/a interno/a de calidade
- Xornadas Novas fronteiras en reeducación funcional e control motor
- Reaprendizaxe e control motor orientado a actividades
- Seminarios Ortopedia EMS
- XV Xornadas informativas AETB
- Inglés Intermedio
- Negociación Bancaria. Ferramentas de Financiación.
- Manipulador/a de Alimentos
- Prevención de Riscos Laborais
- The Grid 2
- Formación básica en PECS
- Xornadas Científicas sobre dano cerebral irreversible
- Traballando coas emocións
- Xornadas Técnicas Instituto Guttmann: Abordaxe trastornos conductual
- Programa Adestramento Directivo
- Formación en Neuropsicoloxía
- Neuropsicoloxía Forense
- Psicoterapia con supervivintes de situacións extremas
- Transporte interno e Xestión Auxiliar Sanitaria
- Administración de Medicación
- Psicofarmacoloxía
- Familias no dano cerebral adquirido
- Actualización na asistencia da dispensación de tratamentos en procesos neurolóxicos
- Formador de Formadores
- A intelixencia emocional nos equipos de traballo
- Calidade e Boas Prácticas na Xestión do Voluntariado
- Monitor de Tempo Libre
- Organización do traballo e xestión do tempo

5. Accions Divulgativas

- Reportaxes en prensa, radio e televisión sobre o centro e as actividades que se levan a cabo no mesmo.
- Renovación de dípticos e envío destes a centros de saúde, concellos,...
- Entrevistas persoais con Traballadoras Sociais dos concellos da área sanitaria de Santiago de Compostela para dar a coñecer modificacións ou novidades nas actividades.
- Entrevistas con representantes institucionais e parlamentarios.
- Mercadiño Solidario.
- Charlas informativas en Concellos, autoescolas, colexios,...
- Actualización da páxina web www.sarela.org, creada en decembro do ano 2006.
- Realización e envío do carné de socio a todos os socios.
- Creación dun perfil na rede social Facebook

6. Proxectos

Durante o pasado ano estívoase a traballar no 1º Plan Estratéxico de Sarela, ferramenta imprescindible para coñecer o camiño a seguir e saber guiarnos en él. Fíxose cun enfoque participativo, onde máis de 15 persoas, membros da xunta directiva, representante de familiares, profesionais internos e externos seguiron as directrices dun consultor externo para facela oportuna recopilación de datos, análise de éstos, toma de decisións e conclusións finais, plasmado todo no documento “Plan Estratéxico 2011-2014”.

Establecéronse 4 prioridades estratéxicas, así como os obxectivos estratéxicos que se pretenden alcanzar, metas e liñas de acción que se acordaron precisas:

1. Ofertar servizos de apoio sociosanitario de calidade.
2. Fomentar a prevención e a sensibilización social sobre o dano cerebral adquirido.
3. Consolidar a estrutura organizativa.
4. Asegurar a sostenibilidade económica.

Quedan pois uns anos onde ademáis de lograr a construción e posta en marcha do novo centro teremos que abordar as prioridades estratéxicas que cumbran coa misión de Sarela:

Contribuir a previr o dano cerebral adquirido e os seus efectos, proporcionar ás familias e ás persoas directamente afectadas apoios para a potenciación máxima das súas capacidades, promover a súa autonomía persoal e reivindicar e defender os seus dereitos.

7. Financiadores e Colaboradores

| | |
|--|---|
|  | <ul style="list-style-type: none"> • Información, Orientación e Apoio (9.000,00 €) • Construcción do Centro de Día (200.000,00 €) |
|  | <ul style="list-style-type: none"> • Mantemento do Centro de Atención e Rehabilitación Sarela (7.976,61 €) |
|  | <ul style="list-style-type: none"> • Programa de Cooperacion- Auxiliar Administrativo (5.890,05 €) • Fomento e realización de actividades de voluntariado (1.851,91 €) • Transformacion de contratos en indefinidos (9.000,00 €) |
|  | <ul style="list-style-type: none"> • Taller con Animales (Benestar Social do Concello de Santiago de Compostela 2.200,00 €) |
|  | <ul style="list-style-type: none"> • Apoio e respiro familiar(4.000 €) |
|  | <ul style="list-style-type: none"> • Fisioterapia en Dano Cerebral Adquirido (6.000,00 €) |
|  <p>APORTACIÓN ECONÓMICA INDIVIDUAL</p> | <ul style="list-style-type: none"> • 200,00 € |
|  | <ul style="list-style-type: none"> • Promoción e Autonomía Persoal (24.000,00 €) |

CIFP Politécnico de Santiago, Cadena Ser, Local Veciños As Cancelas, Club Agyldogs, xornalistas,...